



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 28 de xullo de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 28/07/2017.
- II. Asistentes á CGIC do 28/07/2017.
- III. Procedementos do sistema de garantía de calidade
 - PE-01 P1 Xestión do PAS
 - PE-02 P1 Xestión do PDI
 - DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza
 - Anexo 1 do Manual de Calidade.
- IV. Listaxes de TFGs e TFMs. Curso 2016-17.
- V. IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.
- VI. Alegacións aos informes de avaliación interna de seguimento dos títulos:
 - Mestrado en Xeoinformática
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Ábrese a sesión ás 12 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 3 de xullo de 2017.

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

2. Informe da Coordinadora.

- Atópase aberto o prazo de introdución de méritos de profesorado relativo ao curso 2015-16 para o Programa da Avaliación da Actividade Docente do profesorado, DOCENTIA. A aplicación está accesible desde Secretaría Virtual e o prazo de recepción da información remata o 11 de agosto de 2017.
- Recibiuse o informe provisional de avaliación interna de seguimento do Mestrado en Xeoinformática. A puntuación provisional é de Non Conforme. Amósase a continuación a desagregación da puntuación:

	UVIGO	UDC	GLOBAL
1 Organización e Desenvolvemento	B	D	D
2 Información e Transparencia	B	D	D
3 Sistema de Garantía de Calidade	B	D	D
4 Recursos Humanos	B	D	D
5 Recursos Materiais e Servizos	C	D	D
6 Resultados de Aprendizaxe	D	D	D
7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C	D	D

Plan de melloras:

	UVIGO	UDC	GLOBAL
Desenvolvemento	C	D	D
Seguimento	B	D	D
Coherencia	B	D	D

- Recibíronse os informes provisionais de avaliación interna de seguimento do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Ambas puntuacións provisionais son de Conforme. A desagregación da puntuación é a mesma para cada un dos graos:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	B
Sistema de Garantía de Calidade	B
Recursos Humanos	D
Recursos Materiais e Servizos	D
Resultados de Aprendizaxe	D
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	D

Plan de melloras:

Desenvolvemento	B
Seguimento	B
Coherencia	B

3. Aprobación, se procede, dos procedementos da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade.

Enviáronse por correo electrónico os procedementos (Anexo III). Estes procedementos enmárcanse dentro de tres bloques:

1. Procedementos de Xestión de Persoal, consonte as directrices de FIDES-AUDIT: PE-01 P1 Xestión do PAS (índice 04) e PE-02 P1 Xestión do PDI (índice 04). Este último incorpora un anexo (ficha de formación). Estes dous documentos substituirán os procedementos PA-05 Captación e selección do PDI e PAS, PA-06 Avaliación, promoción, recoñecemento e incentivos do PDI e PAS e PE-02 Política de PDI e PAS unha vez sexan aprobados pola Xunta de Escola da EME.

2. Procedemento de Docencia: DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza (índice 05). Inclúe como anexo o Informe de coordinación. Ese documento anula a súa versión anterior (índice 04).

3. Listaxe de procedementos en vigor: Anexo 1 do Manual de Calidade

Realízase unha reflexión sobre os puntos en común e as diferenzas entre os novos procedementos e os documentos que substitúen.

A Comisión aproba por asentimento os procedementos da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes dos títulos da escola para o curso académico 2017-2018.

Enviouse por correo electrónico, con anterioridade á celebración desta comisión, o link á páxina Web onde poden consultarse as guías docentes.

Estas guías xa foron aprobadas pola Xunta de Escola na súa reunión celebrada con data vinte de xullo. Trátase das guías das materias que, por non estar completas ou presentar algunha irregularidade, non puideron ser aprobadas pola CGIC na súa última reunión celebrada o 3 de xullo. O listado das guías é o seguinte:

Grao en Enxeñaría da Enerxía

- G290402 Tecnoloxía Ambiental (Castelán e Galego)
- G290601 Recursos, instalacións e centrais hidráulicas (Inglés)
- G290801 Proxectos (Inglés)
- G290608 Motores e turbomáquinas térmicas (Inglés)

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

- G310402 Tecnoloxía Ambiental (Castelán e Galego)
- G310631 Recursos instalacións e centrais hidráulicas (Inglés)
- G310802 Proxectos (Inglés)
- G310701 SIX e ordenación do territorio (Inglés)

Mestrado en Enxeñaría de Minas (Castelán e Galego)

Mestrado en Xeoinformática (Materias da UVigo)

A Comisión aproba por asentimento as guías docentes dos títulos da escola para o curso académico 2017-2018.

5. Aprobación, se procede, das listaxes de TFGs e TFM's defendidos no curso 2016-17.

Enviáronse por correo electrónico con antelación á celebración desta CGIC (Anexo IV). Preséntanse as listaxes e coméntanse que, aínda que non é un documento específico de calidade e non hai obrigatoriedade de ser aprobado pola CGIC, estas listaxes deberán ser incluídas no próximo informe de revisión pola dirección.

A Comisión aproba por asentimento as listaxes de TFGs e TFM's defendidos no curso 2016-17.

6. Aprobación, se procede, do informe do procedemento PA07 Xestión dos Recursos Materiais: IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.

Enviouse por correo electrónico con antelación á celebración desta CGIC (Anexo V). O 20 de xuño a CGIC e a Xunta de Escola aprobaron as solicitudes de gasto das áreas para dotación para laboratorios e software. Na reunión de hoxe preséntase a ficha de solicitude con xustificación, como procedemento incluído na Axenda de Calidade, para a súa aprobación.

A Comisión aproba por asentimento o informe do procedemento PA07 Xestión dos Recursos Materiais: IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.

7. Aprobación, se procede, das alegacións aos informes provisionais de avaliación interna.

Tal como se informou ao principio desta reunión, recibíronse os informes provisionais de avaliación interna de seguimento dos títulos de Mestrado en Xeoinformática, Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. A dirección, consultados os coordinadores destas titulacións, propón presentar alegacións e preséntase unha proposta que fíxose chegar por correo electrónico (Anexo VI) aos membros da comisión.

Comeza un intercambio de opinións entre os membros da comisión sobre os criterios aplicados na avaliación dos informes e de como deben redactarse as reclamacións. Acórdase redactar e facer chegar á Área de Calidade da UVigo, xunto coas alegacións aos informes, unha carta sinalando os seguintes puntos:

- En ningún momento os centros fomos informados de que o feito de non facer reflexións explícitas de cada indicador incluído no informe de revisión pola dirección 15-16 sería obxecto da valoración cun **NON CONFORME**, criterio utilizado polas comisións avaliadoras.
- Que no curso 2014-2015 o devandito informe de revisión pola dirección redactouse de forma idéntica ao do curso 2015-2016. O informe do curso 2014-15 foi presentado durante o proceso de acreditación realizada pola ACSUG para os graos do centro e estes foron avaliados como **FAVORABLES** non obtendo ningunha **NON CONFORMIDADE**.
- A CGIC considera que as direccións dos centros deben ser informados en tempo e forma dos criterios que utilizarán as comisións nas súas valoracións para que, desta forma, pódase presentar adecuadamente a documentación requirida.

Finalmente consensúase a redacción das alegacións, que serán enviadas á Área de Calidade. A Comisión aproba por asentimento as alegacións aos informes provisionais de avaliación interna

8. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e oito de xullo de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 28/07/2017

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 28 de xullo de 2017 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 3 de xullo de 2017.
2. Informe da Coordinadora.
3. Aprobación, se procede, dos procedementos da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes dos títulos da escola para o curso académico 2017-2018.
5. Aprobación, se procede, dos listados de TFGs e TFM's defendidos no curso 2016-17.
6. Aprobación, se procede, do informes do procedemento PA07 Xestión dos Recursos Materiais: IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.
7. Aprobación, se procede, das alegacións aos informes provisionais de avaliación interna.
8. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 28/07/2017.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 28 de xullo de 2017	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Diego López González	Representante da Sociedade
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
Marcos González Bello	Representante do Alumnado de Máster
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa asistencia	
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC



ANEXO III

Procedementos do sistema de garantía de calidade

- PE-01 P1 Xestión do PAS
- PE-02 P1 Xestión do PDI
- DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza
 - Anexo 1 do Manual de Calidade.



ANEXO IV

Listaxes de TFGs e TFM. Curso 2016-17.



ANEXO V

IT02-PA07 Ficha de solicitude con xustificación.



ANEXO IV

Alegacións aos informes de avaliación interna de seguimento dos títulos

- Mestrado en Xeoinformática
- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos